

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE RAMÓN OTERO PEDRAYO
CURSO: 5º EP
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS
DATA: 10/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>As Instrucións do 27 de abril de 2020 (<i>criterios de avaliación de Educación Primaria</i>) establecen que “a avaliación e cualificación adaptárase, tendo en consideración que o traballo do alumnado nesta <u>terceira avaliación</u> centrarse especialmente no desenvolvemento das actividades de recuperación, repaso, reforzo e afondarase nas aprendizaxes xa traballadas nos dous primeiros trimestres do curso, fomentando rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo” (tal e como se establece nos criterios de avaliación de Educación Primaria).</p> <p>Tendo en conta isto, o traballo do terceiro trimestre centrarase na consolidación dos mínimos traballados e no afondamento daqueles que non foron impartidos de maneira presencial. Este traballo terá presentes as diferentes posibilidades horarias, tecnolóxicas e de apoio ao alumnado.</p> <p>En base a isto, estableceranse os seguintes indicadores de logro para a avaliación deste terceiro trimestre:</p> <ul style="list-style-type: none">• Mostra interese polos aprendizaxes e tarefas propostas.• Participa nas propostas plantexadas dentro das súas posibilidades.• Consolida aqueles estándares xa traballados previamente. <p>Seguindo o recollido nas Instrucións do 27 de Abril de 2020, partírase das seguintes premisas:</p> <ul style="list-style-type: none">- <i>“A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles definidas”.</i>- <i>“Realízase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado”.</i> <p>Teremos tamén en conta o recollido na orde do 9 de xuño de 2016, onde se establece que:</p> <ul style="list-style-type: none">• <i>“a avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave”.</i> <p>Instrumentos:</p> <p>Partírase da observación sistemática directa da actividade educativa (análise das tarefas realizadas de maneira virtual).</p> <p>Cabe destacar que as familias envían as producións do alumnado mediante email á mestra, procedese á súa corrección e envíase dita corrección empregando a mesma canle de comunicación.</p>
Cualificación final	<p>En base ao marco legal que regula a avaliación na nosa comunidade educativa establecemos os seguintes criterios para o cálculo da cualificación ordinaria:</p> <ul style="list-style-type: none">• A nota base do alumnado será a resultante dos resultados obtidos durante o primeiro e o segundo trimestre na seguinte proporción:<ul style="list-style-type: none">• 40% do total resultado da cualificación obtida no PRIMEIRO TRIMESTRE• 60% do total resultado da cualificación obtida no SEGUNDO TRIMESTRE.

	<ul style="list-style-type: none"> • En base aos criterios de cualificación establecidos o alumnado poderá mellorar a cualificación ata un 10% se o docente considera que o rendemento é positivo. • Sempre se terán en conta as posibilidades e circunstancias de cada un dos alumnos e alumnas.
Proba extraordinaria de setembro	NON PROCEDE
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Procedemento ordinario segundo os resultados obtidos na 1º e 2º avaliación.
	Criterios de cualificación: Procedemento ordinario segundo os resultados obtidos na 1º e 2º avaliación.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Procedemento ordinario segundo os resultados obtidos na 1º e 2º avaliación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Actividades variadas e lúdicas de recuperación, repaso, reforzo e ampliación: fichas, vídeos, cancións, contos, xogos online, manualidades, exercicios interactivos, ... que teñen que ver cos SKILLS fundamentais: Listening, Reading, Writing e Speaking. Isto é actividades variadas que pretenden ofrecer unha alta motivación para a realización das mesmas na época que estamos a vivir.</p> <p>Propóñense moitas actividades, das que poden realizar unha parte delas ou facelas todas. Tamén poden propoñer outras que consideren interesantes ou lles apeteza facer.</p> <p>A maioría das actividades propostas non é necesario imprimilas, sendo da tipoloxía anteriormente descrita. As fichas poden facelas no caderno, sen necesidade de versión impresa.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A lingua estranxeira pretende acadar aprendizaxes significativas a través dun tratamento globalizado dos contidos traballados. Os 5 bloques de contidos serán traballados en tódalas unidades didácticas de xeito integrado e globalizado xa que, como indica o Decreto 105/2014 de 4 de setembro que establece o currículo de educación primaria na comunidade autónoma de Galicia, son inseparables na práctica lingüística. Así, case a totalidade dos contidos neste curso trabállanse nas tres avaliacións.</p> <p>Desde un punto de vista lúdico, ofrécense diferentes vídeos, cancións, audios, contos, historias e fichas para repasar as estruturas e os campos léxicos traballados nas dúas primeiras avaliacións (números, dispositivos electrónicos, adverbios, rutinas, presente simple, deportes, presente continuo, animais, adxectivos e comparativos, profesións e pasado simple).</p>

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 5 DE 6	CENTRO: CEIP PLURILINGÜE RAMÓN OTERO PEDRAYO CURSO: 5º EP MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS
---	---------------	---

	<p>Empézase a tratar o tema 5 no que se traballa o campo léxico de “accións” (xa se viu en todos os cursos anteriores, sobre todo en cuarto) e pasado simple (viuse na segunda avaliación), e así, traballárase no libro do alumno (Class Book), no libro de exercicios (Activity Book), no caderno e na aplicación na que algúns están xa rexistrados; ademais das actividades antes comentadas. En dita aplicación hai recursos, exercicios e xogos para repasar todo o que levan traballado ata agora repartidos en catro apartados: Vocabulario, Historias, Gramática e Cancións.</p> <p>Cada semana colgarase tanto no blogue “English Amoeiro” as actividades propostas para dita semana, como na aplicación GOOGLE CLASSROOM, na que hai alumnado rexistrado. Sen embargo, debido a dificultades de conexión para varios alumnos/as tamén se lle pasa o traballo semanal e os vídeos e audios correspondentes por Whatsapp ao titor, e este reenvíallo ao alumnado sen conexión. Ademais, mándase ao Concello, a principio de semana, o material semanal susceptible de ser impreso, para que o Concello o imprima e despois poida achegarllo ás casas do alumnado con maiores dificultades de conexión. Todo isto para facilitar que teñan acceso aos materiais propostos. Terán toda a semana para realizar as tarefas e mandalas á mestra por correo electrónico ou por Whatsapp ao titor e, o titor remíteas á mestra (grupo de clase que ten formado o titor).</p> <p>Unha vez corrixidas vólvenselle mandar polo mesmo medio que as entregaron.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenador, tableta ou móbil con conexión a Internet ou datos. • Papeis e pinturas e outros materiais escolares (tesoiras, pegamento...). • Class Book , Activity Book e caderno. • Aplicación TIGER TRACK 5 MACMILLAN.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O alumnado será informado por diferentes medios segundo os recursos da familias; páxina web, blogue English Amoeiro, correo electrónico, abalar,... .
Publicidade	Páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 6 DE 6	CENTRO: CEIP PLURILINGÜE RAMÓN OTERO PEDRAYO CURSO: 5º EP MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS
---	---------------	---